XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Plan de Acreditación da experiencia profesional

# Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

| Unidade de competencia. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Conformar e armar tubaxes | UC1143_2 | 2 |

**Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.**

| Cualificación profesional. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial | FME351_2 | 2 |

| Título de formación profesional. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Soldadura e caldeiraría | MFME02 | Grao medio |

**Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.**

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI

## Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:
1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

### APP1 Planificar os traballos de conformación e armaxe de tubaxes a partir da información obtida da documentación técnica correspondente.

| | | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS1.1 | Obter as características da tubaxe que haxa que fabricar a partir dos planos de fabricación. | | | | |
| APS1.2 | Obter a información requirida para establecer as operacións de conformación e armaxe de tubaxes, consultando a documentación técnica correspondente. | | | | |
| APS1.3 | Obter a información requirida para seleccionar as máquinas e as ferramentas requiridas na conformación e na armaxe de tubaxes. | | | | |
| APS1.4 | Obter os parámetros de autocontrol aplicables á conformación a partir da documentación técnica. | | | | |
| APS1.5 | Obter os parámetros de autocontrol aplicables á armaxe a partir da documentación técnica. | | | | |
| APS1.6 | Ordenar e clasificar a información obtida segundo a secuencia de traballo establecida. | | | | |

### APP2 Preparar o posto de traballo, reunindo materiais e accesorios, seleccionando e preparando as máquinas, os utensilios e os equipamentos necesarios para o conformado e a armaxe de tubaxes de acordo coa planificación do traballo realizada e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

| | | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS2.1 | Preparar os equipamentos de protección individual requiridos nas operacións de conformación e armaxe de tubaxes, cumprindo o plan de seguridade. | | | | |
| APS2.2 | Seleccionar as máquinas e as ferramentas requiridas para a conformación e a armaxe de tubaxes axustándose ao recollido na documentación técnica. | | | | |
| APS2.3 | Preparar as máquinas e as ferramentas para a conformación e a armaxe de tubos segundo as instrucións de uso de fábrica e os requisitos de mantemento, e comprobar o seu correcto funcionamento. | | | | |
| APS2.4 | Colocar e preparar os medios, os materiais e os equipamentos requiridos para a conformación e a armaxe de tubaxes, segundo as especificacións da documentación técnica, atendendo ás características dos materiais determinadas en planos, isométricas e lista de materiais. | | | | |
| APS2.5 | Executar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das máquinas de conformación e armaxe de tubaxes, comprobando o funcionamento e cumprindo o plan de mantemento e instrucións de fábrica. | | | | |

### APP3 Conformar a tubaxe, utilizando os utensilios requiridos, seguindo as especificacións de construción recibidas e as instrucións de uso dos equipamentos e das máquinas, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

| | | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS3.1 | Comprobar que a matriz, o raio, o avance, o mandril, os tramos rectos, a lonxitude de curvaxe, os reviramentos ou xiros e o ángulo de curvatura da tubaxe se atopen dentro das tolerancias establecidas e se axusten ás especificacións de construción. | | | | |
| APS3.2 | Preparar as máquinas e as ferramentas para efectuar a curvaxe dos tubos cos utensilios requiridos para evitar defectos, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais. | | | | |
| APS3.3 | Seleccionar a boquilla para a curvaxe dos tubos en quente, en función do material e das especificacións recibidas. | | | | |
| APS3.4 | Curvar en quente para obter a curvatura sen deformacións, enchendo o tubo en caso necesario. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **APP3** | **Conformar a tubaxe, utilizando os utensilios requiridos, seguindo as especificacións de construción recibidas e as instrucións de uso dos equipamentos e das máquinas, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.** | | | | |
| APS3.5 | Conformar os tubos en frío seguindo as secuencias programadas, tendo en conta os grosores e a calidade do material, controlando que non supere o límite de elasticidade do tubo, o raio de curvatura, a linearidade do tubo e as deformacións laterais, ademais das características da máquina utilizada, e considerando a necesidade de efectuar un tratamento térmico previo, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e ambientais, e as instrucións de uso dos equipamentos e das máquinas. | | | | |
| APS3.6 | Marcar e etiquetar as pezas da tubaxe a partir dos planos e seguindo o procedemento establecido. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **APP4** | **Armar os tramos de tubaxe cos seus accesorios, soldándoos ou punteándoos, seguindo as secuencias programadas, e verificar o resultado, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.** | | | | |
| APS4.1 | Colocar as bridas no tubo mantendo o aliñamento da tubaxe. | | | | |
| APS4.2 | Realizar a armaxe dos tramos cos seus accesorios, soldándoos ou punteándoos, seguindo as secuencias programadas, e verificar o resultado. | | | | |
| APS4.3 | Puntear e soldar a tubaxe e os accesorios no lugar adecuado e co procedemento establecido. | | | | |
| APS4.4 | Soldar por capilaridade mantendo a folgura requirida entre tubos e accesorios. | | | | |
| APS4.5 | Comprobar visualmente e con líquidos penetrantes que non existan defectos nas soldaduras, e verificar a armaxe da tubaxe contrastándoa coas condicións e as especificacións requiridas nas instrucións da montaxe. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **APP5** | **Limpar e tratar a tubaxe segundo as esixencias das especificacións recibidas, e obter o acabamento requirido, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e ambientais.** | | | | |
| APS5.1 | Preparar a tubaxe aplicando o tratamento de limpeza e decapaxe especificado no programa de traballo, atendendo ás esixencias das sociedades de clasificación. | | | | |
| APS5.2 | Efectuar o tratamento final da tubaxe aplicando o procedemento requirido para obter o acabamento especificado, seguindo a orde secuencial especificado nas ordes de traballo e coas técnicas indicadas para cada proceso. | | | | |
| APS5.3 | Protexer a tubaxe para evitar deterioracións da forma especificada nas instrucións de traballo, comprobar que non existan defectos nas soldaduras e verificar a armaxe da tubaxe contrastándoa coas condicións e as especificacións requiridas nas instrucións da montaxe. | | | | |